


O presente documento estará
exposto no Taboeiro de
Anuncios desta Deputación
desde o día 17/1/2019
ata a día 17/2/2019
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA

P. O.



Anuncio

RESOLUCION DA PRESIDENCIA DE DATA 14 DE XANEIRO DE 2019 POLA QUE SE APROBA, SE NOMEA AO TRIBUNAL PARA A SÚA CONSTITUCIÓN E SE CITA AO TRIBUNAL E AOS ASPIRANTES PARA A REALIZACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO DO PROCESO PARA CUBRIR 5 PRAZAS DE ADMINISTRATIVO, ESCALA ADMINISTRACIÓN, XERAL, SUBESCALA ADMINISTRATIVO GRUPO C-SUBGRUPO C1 DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACION PROVINCIAL DE LUGO, RESERVADAS A PROMOCIÓN INTERNA. (BOP 281, 09 de decembro de 2016)

"Tras ver a proposta do deputado delegado da Subárea de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación, a teor do seguinte texto:

"Por Acordos da Xunta de Goberno de datas 04 e 11 de novembro de 2016, apróbase a convocatoria e as bases xerais e específicas que rexerán o proceso para cubrir 5 prazas de ADMINISTRATIVO, encadradas na Escala de Administración Xeral, Subescala Administrativa, Grupo C - Subgrupo C1, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, reservadas á promoción interna vertical e/ou horizontal (BOP 281, de 09 de decembro de 2016) e corrección de erros aprobada por Acordos da Xunta de Goberno de 5 de maio de 2017 (BOP 115, de 22 de maio de 2017)

Visto o punto 7 das Bases Xerais que rexen o presente proceso selectivo, propónse á Presidencia, que en uso das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, **RESOLVA:**

1º.- Nomear aos membros do Tribunal Cualificador que a continuación se sinalan, podendo actuar indistintamente titulares e suplentes:

PRESIDENTE:

Titular: Don Xesús Arrizado Yáñez, Licenciado en Ciencias do Traballo no Servizo de Recursos Humanos e Asistencia aos Concellos da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona Silvia García López, Técnica de Xestión na Sección de Benestar Social e Igualdade da Deputación de Lugo

VOGAIS:

Titular: Don Jose Ferreiro Fernández, Tesoureiro da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona Ana Vila Vázquez, Xefa da Sección de Patrimonio da Deputación de Lugo.

Titular: Don Nicolás Fariña Vereza, Técnico Superior Informático na Sección de Novas Tecnoloxías da Deputación de Lugo.

Suplente: Don Luis Gil Díez, Técnico Superior Administración Sistemas Informáticos en Rede na Sección de Novas Tecnoloxías da Deputación de Lugo.

Titular: Don José Antonio Arias Lombardero, Técnico de Xestión na Sección de Innovación e Participación Cidadá da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona Julia Vázquez Silvarrey, Técnica de Xestión na Sección de Promoción Económica e Emprego da Deputación de Lugo.

SECRETARIO:

Titular: Dona María Esther Álvarez Martínez, Secretaria Xeral da Deputación de Lugo.

Suplente: Don Manuel Castiñeira Castiñeira, Secretario Interventor Xefe do Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos da Deputación de Lugo.

2º.- CITAR AOS MEMBROS DO TRIBUNAL PARA QUE COMPAREZAN NO SALÓN VERDE DA DEPUTACIÓN O MARTES DÍA 5 DE FEBREIRO DE 2019, ÁS 9 HORAS E 30 MINUTOS, PARA A SÚA CONSTITUCIÓN.

3º.- CITAR AOS MEMBROS DO TRIBUNAL E MÁIS AOS ASPIRANTES PARA QUE COMPAREZAN NO SALÓN DE PLENOS DA DEPUTACIÓN DE LUGO, PARA A REALIZACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO (BASE ESPECÍFICA 5ª.1) O XOVES DÍA 14 DE FEBREIRO DE 2019, ÁS 9 HORAS E 30 MINUTOS.

4º.- Publicar a presente resolución no Taboleiro de Edictos e na páxina www.deputacionlugo.org, apartado Emprego Público.

As impugnacións contra a composición do Tribunal, rexeranse polo establecido nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público”.

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.”

Pazo Provincial, 15 de xaneiro de 2019.- A SECRETARIA XERAL, P.S. O SECRETARIO XERAL ADXUNTO, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0139

O presente documento estará
exposto no Taboeiro de
Anuncios desta Deputación
desde o día 17/11/2019
ata a día 17/12/2019
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA

P. O

